

Obxectivos

Saír ao encontro da mocidade nos ámbitos da Relixiosidade Popular, o lecer e o tempo libre, para escoitalos e descubrir a alegría de Xesucristo e do seu Evanxeo.

Dar a coñecer Directorio Diocesano de Pastoral de Santuarios e actualizar as Orientacións Diocesanas sobre a Piedade Popular (Constitución sinodal nº 63).

Liñas de acción

- Colaborar con Pastoral xuvenil na peregrinación diocesana coa mocidade.
- Comezar o traballo de constitución dun equipo de Santuarios e Turismo.
- Revisar as Orientacións diocesanas de Piedade popular e divulgar o Directorio de Pastoral de Santuarios da Diocese de Tui-Vigo.
- Organizar un encontro de confrarías da Diocese.
- Divulgar a participación en peregrinacións diocesanas e parroquiais.
- Facilitar materiais de uso en Santuarios, Romarías e Festas parroquiais.

Calendario

- 27-29 de novembro 2018 celébrase en Roma o primeiro encontro de Santuarios organizado polo Pontificio Consello da Nova Evanxelización titulado “O Santuario, porta aberta para a Nova Evanxelización”. Unha vez rematado divulgar materiais e informar sobre o tema a santuarios diocesanos
- 12 de xaneiro: encontro de confrarías coa pretensión de coñecer a realidade das confrarías e facilitar materiais de formación e actividades posibles no futuro
- Febreiro: encontro reitores de santuarios e párrocos onde se celebran romarías de entidade supraparroquial para programar materiais e actividades conxuntas.